

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN ESTATAL, SALUD, INFANCIA Y BIENESTAR SOCIAL, F.S.P., EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CONXUNTA EN PROXECTOS DE COOPERACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade formalizou, o día 12.03.2024, coa Fundación Estatal, Salud, Infancia y Bienestar Social, F.S.P. (en adiante Fundación CSAI) o instrumento convencional arriba referido.

O convenio marco perfecciónase pola prestación do consentimento das partes e resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, no prazo de 5 días hábiles desde a súa formalización, e será obxecto de publicación no «Boletín Oficial do Estado» (BOE), no prazo de 10 días hábiles desde a súa formalización.

Terá unha duración de catro anos a partir do día da súa inscrición no antedito Rexistro, de conformidade co establecido no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

De acordo co sinalado no art. 49, letra h), apartado 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio poderá prorrogarse mediante acordo expreso por un período de ata catro anos adicionais, salvo que medie denuncia expresa, realizada por unha das partes e formulada con tres meses de antelación, con respecto á data de fin da súa vixencia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Constituír a base de cantas futuras relacións de colaboración poidan xurdir entre as partes respecto da súa participación conxunta en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e a innovación, investigación e/o asistencia técnica internacionais, naquelas áreas que as partes, dentro do recollido polos seus fins fundacionais, consideren de interese común.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Correspóndenlle á Consellería de Sanidade as competencias en materia de saúde atribuídas á Comunidade Autónoma polo Estatuto de autonomía de Galicia. Igualmente asume a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen un risco para esta, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Fundación CSAI é unha fundación do sector público estatal, de interese xeral no ámbito da saúde, os servizos sociais, a protección aos menores e a promoción da igualdade, tanto en España como en terceiros países, tendo por obxecto deseñar, promover e realizar todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que a Administración Xeral do Estado, os seus organismos e entidades de dereito público e en particular o Ministerio de Sanidade, leven a cabo no marco da protección da saúde e a asistencia sanitaria, a cohesión e inclusión social, a familia, a protección á infancia, a atención ás persoas dependentes ou con discapacidade, a promoción da igualdade, o consumo e benestar social, así como a loita contra toda clase de discriminación, contra a violencia de xénero e contra a pobreza infantil, no ámbito nacional e internacional.

Constitúe o fin específico da Fundación CSAI contribuír ao desenvolvemento e mellora das condicións de vida das poboacións, realizando, dando soporte ou colaborando en programas e actividades de investigación, desenvolvemento de proxectos, formación, consultoría e asistencia técnica, estudando necesidades, analizando experiencias e difundindo boas prácticas no ámbito nacional e internacional nas seguintes materias:

- a) Prevención e promoción da saúde e a asistencia sanitaria.
- b) Cooperación ao desenvolvemento.
- c) Cohesión e inclusión social.
- d) Familia e protección á infancia.
- e) Desenvolvemento educativo.
- f) Atención ás persoas dependentes ou con discapacidade.
- g) Promoción da igualdade.





- h) Consumo e benestar social.
- i) Loita contra a pobreza infantil, así como contra toda forma de discriminación.
- j) Combate á violencia de xénero e a violencia contra a infancia.
- k) Investigación científica e técnica ou a innovación, realizándoa ou dándolle soporte.

Sendo a cooperación internacional un aspecto fundamental da acción exterior do Estado español e dos obxectivos das partes, estas están interesadas en cooperar e axuntar esforzos e recursos en orde a, dentro do ámbito competencial de cada unha delas, optimizar os resultados de cuantos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e a innovación, investigación e/o asistencia técnica internacionais poidan chegar a asumir.

Tendo en conta a converxencia de obxectivos entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a Fundación CSAI en materia de saúde, asistencia sanitaria, cooperación ao desenvolvemento e en concreto no ámbito dos medicamentos, produtos sanitarios e cosméticos, así como a vontade de colaborar e establecer fórmulas de cooperación que contribúan ao cumprimento dos seus fins as partes acordan subscribir o Convenio Marco, susceptible de ser encadrado na tipoloxía de convenios relacionados no artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

